



RESOLUCIÓN PARA PROCEDER Á CONTINUACIÓN DA FASE DE CONCESIÓN DE AXUDAS AO ABEIRO DA ORDE DE 20 DE DECEMBRO DE 2019, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS XERAIS E A CONVOCATORIA PARA O ANO 2020, PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS A PROXECTOS DE REXENERACIÓN QUE PERMITAN MELLORAR A PRODUTIVIDADE DOS BANCOS MARISQUEIROS CON PROBLEMAS DE PERDA DE PRODUCCIÓN E QUE CONTRIBÚAN A UNHA MELLORA DA XESTIÓN E CONSERVACIÓN SUSTENTABLES DOS RECURSOS MARIÑOS, TRAMITADA COMO ANTICIPADO DE GASTO.

Con data 14 de marzo, publicouse no «Boletín Oficial do Estado», o *Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19*, en cuxa Disposición Adicional Terceira no apartado 4 prevíase inicialmente a suspensión de todos os prazos administrativos, coa soa excepción daqueles procedementos e resolucións referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, o que foi posteriormente modificado, toda vez que con data 18 de marzo de 2020 publicouse no «Boletín Oficial do Estado», o *Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19*, cuxo artigo único, modifica o apartado 4 da Disposición Adicional Terceira e habilita á Administración para acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que sexan indispensables para a protección do interese xeral.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de abril de 2020, adoptou , entre outros o acordo de continuación de tramitación do expediente da Consellería do Mar da *ORDE de 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2020, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños, tramitada como anticipado de gasto.*





Con data 5 de febreiro publícase esta orden, rematado o prazo de solicitudes, procede agora pasar a fase de resolución para concesión das axudas. Dada a natureza destas axudas deben ser consideradas de interese xeral.

Polo anteriormente exposto, RESOLVO en virtude do acordo do Consello da Xunta de Galicia do oito de abril de 2020, continuar a tramitación do expediente *“ORDE de 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2020, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños, tramitada como anticipado de gasto.”* para proceder á resolución de concesión desta axudas.

Santiago de Compostela,  
A conselleira do Mar  
P.D. Orde 08.09.17, DOG núm. 180, do 21 de setembro  
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro  
(Asinado dixitalmente)

